

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Filosofía do 4^a curso da ESO, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Filosofía é unha optativa ao final da ESO que se presenta como unha introdución eminentemente práctica aos problemas filosóficos do ser humano desde unha perspectiva lúdica.

Unha das súas finalidades é contribuír a dotar ao alumnado dunha capacidade básica de comprensión crítica da realidade e do mundo. Esta capacidade, arrincando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debería levar ao alumnado ao limiar dunha capacidade crítica de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán/a, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e de cambio. A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación desenvólvese no IES Val do Tea. No noso instituto, impártense estudos de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación para Adultos/as e Escola Oficial de Idiomas. Situado no núcleo urbano de Pontearreas (provincia de Pontevedra), o noso alumnado procede maioritariamente da propia vila e do entorno rural de dito concello. Tamén hai un pequeno volume de alumnado que se achega ao noso centro desde concellos limítrofes (especialmente para cursar o Bacharelato de Artes). Así mesmo, contamos con alumnado, en número crecente nos últimos anos, procedente da emigración, sobre todo de países latinoamericanos. Cómpre salientar que, debido á dispersión da poboación, gran parte do alumnado ten que empregar o transporte público para desprazarse ao centro. O núcleo principal de servizos concéntrase na vila, que conta cunha pequena biblioteca, un auditorio con salón de actos, un conservatorio de Música, así como un polideportivo e piscina. O acceso de boa parte do noso alumnado a estes servizos culturais ou de lecer é imposible, pero nalgunhas parroquias circundantes tamén hai centros de lectura onde se organizan diversas actividades culturais. A maioría do noso alumnado emprega as dúas linguas, galego e castelán, constatándose dúas realidades: unha maioritaria na que a lingua materna é o castelán, e outra na que o galego é a lingua nai. Aínda así, existe unha tendencia cada vez maior a que o castelán sexa a lingua materna. No proxecto curricular do IES Val do Tea destaca como seña principal de identidade a defensa dun ensino público e integrador sen facer diferenzas, respectando os dereitos básicos e educando na solidariedade, na igualdade e na convivencia pacífica.

Canto aos grupos de 4^o de ESO aos que vai destinada esta programación, contamos con 4 (A, B, C e PDC), que, a efectos desta materia, se redistribúen en 2: un grupo, composto por 21 alumnos/as, que coincide co grupo-aula de 4^o A, dado que cursan todos/as esta optativa; e outro grupo, composto por 14 alumnos/as procedentes de 4^o ESO B (2 alumnos/as), C (9 alumnos/as) e PDC (3 alumnos/as).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que persegue as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Filosofía	Introdución á orixe e fundamentos da filosofía	17	20	X		
2	A persoa	Identidade persoal, de xénero e socio-cultural	16	20	X		
3	A socialización	A sociabilidade do ser humano	17	20		X	
4	O pensamento	Introdución aos elementos esenciais da teoría do coñecemento ou epistemoloxía	16	20		X	
5	A realidade e a metafísica	Introdución aos problemas filosóficos da ontoloxía e/ou metafísica.	17	15			X
6	A liberdade e a creatividade	Introdución aos problemas filosóficos da ética, estética e da filosofía política.	17	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Filosofía	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Expresa de xeito oral / escrito o carácter radical da filosofía	TI	100
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Describe por escrito ou/e oralmente os rasgos distintivos da orixe da filosofía		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Articula un ensaio crítico empregando e comparando conceptos filosóficos		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais		
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información no produto final presentado na aula		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico.

Contidos

- A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais.
- O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis.
- Breve síntese das grandes épocas da filosofía.
- O papel da muller na cultura e na filosofía.
- O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	A persoa	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Articula un ensaio crítico empregando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade	TI	100
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Explicar de xeito oral / escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente		
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describir oral ou por escrito os factores determinantes da personalidade humana		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e por escrito ás súas aportacións.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas dun xeito respectuoso e argumentativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
3	A socialización	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de 'cultura' e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (natureza ou cultura)		
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Comprender e reformular textos sobre o proceso de socialización nun comentario crítico	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Articula un comentario crítico comparando teorías contrapuestas sobre a orixe do estado		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Expón oral ou por escrito unha reflexión filosófica		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e/ou por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
4	O pensamento	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (racionalidade / irracionalidade)	TI	100
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Comprender e reformular textos sobre o problema e o proceso do coñecemento nun comentario crítico		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Elabora un comentario de texto analizando comparativa, argumentativa e criticamente teorías sobre a verdade		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade.

Contidos
- Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
5	A realidade e a metafísica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (realidade / nada)	TI	100
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Comprender e reformular textos sobre a orixe e finalidade da realidade nun comentario crítico		
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Expoñer oralmente ou por escrito teorías contrapostas sobre o sentido da existencia		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elaborar individualmente e/ou en grupo unha presentación dun traballo seguindo as indicacións da taboa de indicadores		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	A liberdade e a creatividade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (liberdade / determinismo)	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico		
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Comprender e reformular textos sobre a beleza e a arte nun comentario crítico		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Analiza oralmente ou/e por escrito os factores da creatividade artística		
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Investigar e presentar oralmente ou/e por escrito o proceso creativo na figura dunha artista viva galega contemporánea		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elabora oralmente ou/e por escrito unha presentación seguindo as pautas da taboa de indicadores		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta oralmente ou/e por escrito as súas aportacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade. - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para comezar, o noso propósito é implementar na aula o DUA: presentación da información por distintos medios, expresión multimodal do alumnado e múltiples formas de motivación.

Dito isto como horizonte global, defendemos aquí unha aproximación construtivista á aprendizaxe, en virtude da cal é o propio alumnado o que, a partir da súa experiencia e dos seus coñecementos previos, isto é, da súa bagaxe, constrúe de maneira significativa a súa aprendizaxe ao verse impelido a reacomodar perpetuamente, nun continuado conflito cognitivo altamente frutífero, os esquemas mentais que xa posúe a aqueles outros que portan os novos coñecementos, ampliando así cada vez máis a complexidade dos seus armazóns cognitivos. Seguindo, polo tanto, as teorías da aprendizaxe significativa de Ausubel (amplamente aceptadas pola comunidade educativa), é fundamental que as materias interpeleen ao alumnado, o cal só grazas a esa interpelación será capaz de relacionar as novas aprendizaxes coas xa adquiridas, reaxustando e reconstruíndo desta maneira a súa visión do mundo. Consideramos ademais que este plantexamento metodolóxico é especialmente axeitado para a Filosofía, xa que o que se pretende con ela é que o alumnado constrúa unha cosmovisión propia, sólida, lúcida e crítica.

Sendo este o marco no que nos movemos, a metodoloxía que aplicaremos se basea nos seguintes principios:

- Será esencialmente participativa e interactiva co obxectivo de integrar ao alumnado nos procesos de E-A, fomentando a súa responsabilidade e incrementando o seu interese, para o cal se lle incitará a que exprese as súas opinións, ideas e suxestións sobre os temas que se tratan, pois só nunha atmósfera adecuada que permita a comunicación bidireccional entre a profesora e o/a alumno/a será posible coñecer os seus intereses e expectativas, aspecto que consideramos fundamental para o exercicio da función docente.
- Outro principio metodolóxico, de capital importancia nunha sociedade na que impera a excesiva especialización, será o da interdisciplinabilidade, o cal implica o establecemento de conexións entre as distintas materias e a articulación conxunta das distintas disciplinas con vistas a que o coñecemento do alumnado sexa global e non fragmentario.
- Tamén se operará co principio de mediación, que responde á necesidade de que a profesora sexa ante todo unha facilitadora da aprendizaxe, actuando de ponte entre a estrutura cognitiva do/da alumno/a e os contidos da ensinanza.
- E, por último, atendendo tamén ás peculiaridades da nosa materia, porase especial énfase en aproximarnos ás problemáticas a traballar desde unha perspectiva dialéctica, de tal modo que sexa no diálogo na aula, concebida como micro-ágora, onde se alumbren as distintas respostas posibles aos asuntos abordados.

Estratexias metodolóxicas:

Tendo presentes estes principios, as estratexias metodolóxicas que poremos en marcha son as seguintes:

- Ao comezo do curso presentarase a materia, explicando as súas características, os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e os criterios de avaliación que se van aplicar. Tamén se procurará activar a curiosidade pola Filosofía, unha disciplina cuxo sentido pode descoñecer, en principio, o alumnado, dado o pragmatismo que impera na actualidade.
- Á hora de establecer a metodoloxía a seguir en cada unha das unidades didácticas, seguirase o seguinte patrón:
 - a) Exploración da situación de partida do alumnado cun dobre obxectivo: descubrir o nivel de coñecementos previos que posúe sobre o tema en cuestión e detectar ideas preconcebidas acerca deste.
 - b) Utilización nas explicacións de exemplos relacionados co ámbito do alumnado para que se sinta implicado e interveña, empregando con frecuencia tanto extractos da prensa diaria a fin de manter o contacto permanente coa actualidade como tamén as TICs en tanto en canto constitúen un compoñente central da realidade tal e como se configura a día de hoxe.
 - c) Introducción, en cada tema, de cambios de ritmo e emprego de recursos diversos para evitar a monotonía no proceso de E-A.
 - d) Planificación e execución dunha gran variedade de actividades de E-A (comentarios de texto, debates, lectura de textos xornalísticos e literarios, visionado de películas, etc.) para dinamizar o funcionamento da aula e enriquecer a aprendizaxe.
 - e) Organización do espazo en función das actividades que se desenvolvan. O espazo fundamental será a aula, que se adaptará ás esixencias da actividade que se leva a cabo; por exemplo mediante a conversión da mesma nunha modesta sala de proxección grazas aos dispositivos informáticos e electrónicos cos que actualmente están dotadas as aulas. Outros lugares de uso posible serán a biblioteca e o patio (aula circular), como escenario posible onde ensaiar en ocasións a reflexión filosófica e o diálogo ao estilo peripatético se as condicións climáticas o permiten.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno do alumnado
Aula virtual da materia en E-Dixgal
Material audiovisual
Impresos e documentos
Prensa
Bibliografía e libros de consulta
Ordenador conectado a internet, proxector, altosfalantes

Demais dotación da aula (encerado dixital e tradicional, mesas, cadeiras, etc.)

Non hai libro de texto. O alumnado tomará apuntamentos a partir das explicacións e dos esquemas que faga a profesora.

Os principais recursos e materiais que empregaremos son os seguintes:

- E-Dixgal.
- Curtametraxes e viñetas de Steve Cutts.
- Películas. As candidatas son as seguintes: O show de Truman, Olvídate de mí, O invisible Harvey.
- Extractos de textos filosóficos.
- Prensa diaria e revistas especializadas.
- TICs: www.esponjiforme.com, www.cibernous.com, www.eduteka.org, videos de youtube de contido filosófico, episodios da serie This is Philosophy, etc.
- Impresos e documentos.
- Cadernos de traballo.

Ademais, estaremos alerta para identificar calquera material que se presente e que sexa susceptible de ser utilizado con aproveitamento didáctico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase levarase a cabo unha proba inicial que consistirá na reflexión por escrito arredor de dez cuestións vivencias con transfondo filosófico. Ademais, nestas primeiras dúas semanas a profesora observará o alumnado e tomará notas no caderno de aula.

As conclusións obtidas daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados vertidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	16	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As exposicións orais realizadas polo alumnado suporán o 50 % da cualificación global. Valoraranse os seguintes aspectos: (i) coherencia, claridade e rigor na análise de conceptos e na expresión das propias ideas e opinións; (ii) manexo adecuado do vocabulario filosófico básico adquirido; (iii) capacidade crítica; (iv) actualización da reflexión filosófica aos retos do mundo actual.

2. Os cadernos representarán o 25% da cualificación.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia, constituirán o 25% restante.

Todos estes criterios serán avaliados mediante táboas de indicadores.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 redondéanse ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 redondéanse ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez

aplicados os criterios anteriores.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais (no caso de que algunha delas estea suspensa e fora recuperada, terase en conta a nota obtida na recuperación). **ACLARACIÓN:** dado que o PROENS non permite o emprego de decimais na ponderación relativa de cada unidade didáctica, no apartado 3 da presente programación figura que as unidades traballadas no 1º trimestre (UD1 e UD2) representan o 33% da avaliación, as traballadas no 2º (UD3 e UD4) outro 33% e as traballadas no 3º (UD5 e UD6) o 34%, pero en realidade farase a media aritmética dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Posto que non realizaremos exames, o suspenso dalgunha avaliación só pode deberse á negativa a realizar as tarefas propostas e/ou á desidia na resolución das mesmas, así como á falta de implicación no desenvolvemento das dinámicas de clase, co que recuperar a avaliación en cuestión require a (re)elaboración das tarefas e/ou a rectificación destes hábitos.

6. Medidas de atención á diversidade

A programación didáctica da materia Filosofía constitúe en si mesma un instrumento de atención á diversidade, xa que a organización das actividades de aprendizaxe e as propostas que estas conteñen están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado respectando sempre un traballo común de base e a intención formativa global que permita a consecución das competencias e dos obxectivos da etapa.

Dito isto, como medidas específicas de atención á diversidade, propoñemos as seguintes:

1º) O primeiro mecanismo que trataremos de poñer en marcha consiste en dispoñer dun deseño curricular tan aberto e flexible que, proporcionando unha formación común, atenda a cada alumno/a na súa singularidade.

2º) Mediante o desenvolvemento da acción titorial, parte esencial da función docente, realizarase un seguimento persoal de todos/as os/as alumnos/as.

3º) Por medio da avaliación inicial intentarase detectar o nivel de competencia curricular de cada alumno/a, como punto de partida de todo o proceso de E-A.

4º) Avaliarase constantemente tanto a metodoloxía como o material didáctico empregado co fin de coñecer en todo momento o seu nivel de adecuación ás circunstancias concretas de cada alumno/a.

5º) Combinarase o traballo individual (que permite a adaptación ao ritmo de aprendizaxe e ás características de cada alumno/a) e en grupo (que crea contextos de aprendizaxes colaborativos e axuda á aprendizaxe na responsabilidade da repartición de tarefas).

6º) Proporanse, en relación cos/as alumnos/as que o necesiten, actividades de reforzo e recuperación.

7º) Desde o principio da diversidade, entendido tamén como criterio de equidade, actuaremos positivamente con aqueles/as alumnos/as que teñan máis dificultades. Por tanto, apelando ao concepto de xustiza correctiva aristotélica, tratarase de prestar especial apoio a ditos/as alumnos/as.

8º) De ser pertinente, levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas ou non significativas.

9º) Tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

10º) Realizarase un seguimento personalizado do alumnado que non promocionou de curso.

Polo demais, para ofrecer a atención axeitada ao ANEAE (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo), contaremos sempre co apoio e o asesoramento do Departamento de Orientación, así como de todos os profesionais especializados que en cada caso poidan servirmos de axuda.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual		X				
ET.11 - Formación estética						X
ET.12 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Concienciación e formación sobre o cambio climático						X
ET.14 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable						X
ET.15 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Tempo adicado á lectura e á oratoria:

Traballaremos a lectura introducindo textos de pequena e mediana extensión para comentar na aula. Canto á oratoria, ademais de vehiculala mediante as exposicións orais que obrigatoriamente debe realizar o alumnado, é intrínseca ao desenvolvemento das clases dado o enfoque dialóxico que lles imprimimos.

Outras observacións:

Seguindo o dictum kantiano polo cal non se aprende Filosofía, senón que se aprende a filosofar, cremos que a actividade filosófica debe recrearse dentro da aula e que a esa actividade lle é inherente o traballo dos elementos transversais na medida en que propicia a reflexión crítica, promocionando conceptos e valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade efectiva entre homes e mulleres. En tanto en canto un exercicio tal de reflexión crítica esixe confrontar a cosmovisión propia coas alleas, conduce tamén ao recoñecemento e respecto da diversidade intercultural, rexeitando así calquera tipo de violencia, sexa bélica, xenófoba, homófoba, tránsfoba ou machista.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á facultade de Filosofía	Excursión a Santiago de Compostela para coñecer a facultade de Filosofía	X		
IV Certame filosófico sobre o amor	Desconstrución do amor romántico co motivo da celebración do 14 de febreiro		X	

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
Os contidos de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado.
Metodoloxía empregada
O principio 1 do DUA (proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 2 do DUA (proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 3 do DUA (proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
As interaccións entre o alumnado contribuíron á construción das aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas.
A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación.
As medidas de atención á diversidade necesarias adoptáronse o antes posible de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas do alumnado.

Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
Houbo coordinación entre o profesorado.
Outros
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado.
Ofreceuse unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado.
Fomentouse e levouse a cabo a autoavaliación.
Fomentouse e levouse a cabo a coavaliación.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase, na medida do posible, un seguimento a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados

1. Reflexión final

Quero deixar constancia de que, ao meu xuízo, levar a planificación dos elementos curriculares ao paroxismo, tendencia á que parece empurrar a crecente burocratización da ensinanza, lle quita toda a utilidade a esa planificación (en principio indubidablemente necesaria), converténdoa nunha monstrosa colección de ítems tan inservible como irreal (por non dicir absurda). Co propósito de ilustrar como a hipertrofia de pautas pretendidamente técnicas para levar a cabo unha tarefa pode chegar a comprometer a efectiva execución da mesma, remito ás "Instrucciones para subir una escalera" de Julio Cortázar (texto que verdadeiramente inspira, en profundidade, o presente documento): <https://ciudadseva.com/texto/instrucciones-para-subir-una-escalera/>